

A toponimia¹

É a rama da **Onomástica** que se encarga do estudo da orixe e significado dos nomes de lugar.

Xa no século XVIII o Padre Sarmiento chamou a atención sobre a riqueza toponímica galega (as máis de 40.000 entidades de poboación galegas representan case o 40% dos núcleos habitados en todo o estado. Por outro lado, a microtoponimia representa, así mesmo, unha densidade excepcional, máis de 1.500.000 de elementos xeográficos contan cun nome propio que os singulariza. esta profusión toponímica inflúe na antroponimia galega.

Estratos históricos e lingüísticos.

A toponimia é un dos campos máis conservadores na historia das linguas, de feito sobreviven voces do pasado, mesmo de idiomas xa desaparecidos. En xeral, todos os topónimos tiveron na súa orixe un significado transparente, mais co paso do tempo os falantes só os identifican con significado implícito de designar unha realidade xeográfica concreta.

No caso galego, os topónimos, na súa maioría, pertencen ao estrato latino-romance. De todos os xeitos, cando non se posúen probas escritas que confirmen a antigüidade dun topónimo, non podemos saber se realmente tivo unha orixe latina ou se xa naceu coa romance derivada dela. Así, algúns dos moitos *Souto* da toponimia galega poden remontarse a un topónimo latino SALTU(M), pero os máis naceron xa en galego como *Souto*. Mesmo, ás veces, o topónimo contén información cronolóxica; velaí, que sabendo que na lingua do século XIII o sufixo *-elo, -ela* xa non tiña rendemento como diminutivo, vencido por *-iño, -iña*, deducimos que o topónimo *Soutelo* xurdiu antes, mentres que *Soutiño* é máis recente (de aí que haxa *Souteliño*, pero non *Soutiñelo*).

A antigüidade dos topónimos varía segundo a importancia das realidades que designan; en xeral os nomes de accidentes xeográficos notábeis, territorios e núcleos de poboación adoitan ser máis antigos que os microtopónimos, que poden mudar doadamente por cambio de propietario, de cultivo, etc.

O estrato prelatino.

Non é moito o que sabemos das linguas de substrato, mais a toponimia, a epigrafía e os textos clásicos fan supor unha relativa homoxeneidade lingüística, cun léxico maioritariamente indoeuropeo e que, na maioría dos casos, se pode adscribir á familia céltica, como en todo o occidente peninsular. Tense aducido como proba desa atribución o segundo elemento dos máis de cen nomes de poboación en *-bre* (*Barallobre, Lestrove, O Grove...*), dun *-BRIX* galaico correspondente ao celta *-BRIGA* "cidade", ou algúns hidrónimos, como *Avia* ou *Dubra*. Outras formas presentan dificultades para ser tidas por celtas e encaixan nun fala indoeuropea recentemente etiquetada como lusitano ou lusitano-galaico, cuxo celtismo é obxecto de controversia, caso de *Parga* < *PARRECA*, con presenza dun *p-* inicial ausente desas linguas celtas. Tamén semella que non pertencen ás linguas indoeuropeas outros elementos prelatinos do léxico común e da toponimia, que poden gardar relación co léxico eusco-aquitano (*Veiga, Barcia*).

Canto aos hidrónimos, estes constitúen un grupo moi conservador. Case todos os nomes de ríos galegos teñen unha orixe prerromana: *Arnego, Arnoia, Deza, Eo, Eume, Lérez, Limia, Lor, Miño, Navia, Sar, Sil, Tambre, Támeiga, Ulla, Xallas...*

Tamén son prerromanos os nomes de moitas comarcas e territorios (*Arousa, Barbanza, Bergantiños, Camba, O Morrazo, Tabeirós...*), sobrevivindo nalgúns deles o nome dos seus habitantes prehistóricos; caso de *Lemos, Trives* ou *Valdeorras* con alusións aos pobos lemavos, tiburos e guigurros, respectivamente.; o propio nome de *Gallaecia* é unha creación romana derivada do etnónimo dos *callaicos*.

É igualmente prerromano o nome de moitos núcleos de poboación: o celtismo *LUCUS* xa era probablemente a denominación autóctona; o nome da Coruña é continuación dunha forma céltica *CLUNIA*; o de Ourense é resultado dun medieval *Auriense*, derivado latinizante dun hidrónimo prelatino (*Auria, Oría*); e son tamén de orixe prerromana os nomes de *Arteixo, Betanzos, Cangas, Iria, Moaña, Mondoñedo, Noia, Tui...* Dos 315 concellos actuais son cerca dun cento os topónimos prerromanos.

O superestrato xermánico

Malia que no léxico común galego a contribución xermánica é limitada, na onomástica é enorme, aparecendo primeiro na antroponimia e, a partir desta, en topónimos e apelidos. Pola contra, son poucos os nomes comúns de orixe xermánica con presenza significativa na toponimia, fóra de *saa* ou *sá* (do gótico *SALA* "edificio"), *lobio* (do gótico *LUBJA* "cuberto, emparrado"), *groba* (do gótico *GROBA* "foxa, cova"), *guarda* ou *garda, burgo* e algún outro. Diante da dificultade de diferenciar os xermanismos de orixe sueva dos de orixe visigótica, adóitanse considerar suevos os exclusivos do galego, algúns deles presentes na toponimia como os anteriores *lobio* ou *groba*.

A maior parte dos xermanismos da toponimia galega derivan do nome dun posuidor. É máis a maior parte dos antropotopónimos desta orixe localízanse no territorio correspondente ao antigo reino suevo da *Gallaecia*.

Estes antropotopónimos adoitan formarse a partir do xenitivo do nome persoal. Moitos son recoñecibles polas súas terminacións en *-mil, -monde /-munde, -nande, -rei, -riz / -rís, -sende / -sinde, -ulfe / -ufe*: *Samil, Toimil, Baamonde, Aldemunde, Estramundi, Senande, Guimarei, Allariz, Mondariz, Sabarís, Gomesende, Sinde, Brandufe, Randulfe, Trasulfe...* Tamén son comúns os rematados en *-as / -áns* e *-an*, correspondentes a nomes persoais masculinos en *-a*: *Ateán, Fafiáns, Forxán, Guimaráns, Quintián* ou *Sandiás*, derivados dos nomes *Átila, Fáfila, Froila, Wímara, Kíntila* e *Sándila*, respectivamente.

¹ Voz "antroponimia", *Gran Enciclopedia Galega*, Gonzalo Navaza.

Arabismos

A súa escaseza é un trazo distintivo do galego fronte aos outros romances peninsulares. Ao galego chegaron, nos máis dos casos, a través do castelán ou portugués e son contados os que deixaron pegada na toponimia. O máis común é *Aldea*, presente en máis de 150 localidades. Tamén teñen orixe árabe *Acea*, *Almuiña*, *Alfoz*, *Arrabal*, *Atalaia*, *Mezquita*...

A presión do castelán

Tralo superestrato árabe, non houbo influencias significativas doutras linguas na toponimia galega, agás do castelán, que exerceu un presión deturpadora sobre topónimos autóctonos, e mesmo incorporou algunhas formas, poucas, relativamente recentes (*Casilla*, *Palacio*, *Palomar*, *Ventorrillo*...), e serviu de vía de penetración de voces doutras orixes (caso do americanismo *Baiuca*).

Dende finais da Idade Media déixese sentir na toponimia galega a presión do castelán. Moitas deturpacións castelanizantes non tiveron vida na fala pero si no rexistro formal e na lingua escrita, mais, por veces, o castelanismo acadou arraigamento e conviviu coa forma patrimonial, chegando excepcionalmente a substituíla. Un dos castelanismos consolidados máis sólidos é o de *Manzaneda*, que borrou o de *Maceda de Trives*. Noutros casos non é doado distinguir entre castelanismos e formas conservadoras latinizantes, debido á presión do latín eclesiástico, como acontece co topónimo *Quintana* (fronte o patrimonial *Quintán* ou *Quintá*). No triunfo da forma culta ou latinizante *Galicia* sobre a patrimonial ou popular *Galiza*, maioritaria na Idade Media, influíu o feito de que a primeira foi a que se consolidou na lingua de Castela, onde constitúe un galeguismo (en castelán o *-ll-* latino daría como resultado unha palatal, tal como ocorre co xentilicio *gallego*).

Clases de topónimos

Adóitase distinguir por operatividade e en función do significado orixinario entre:

- Orónimos ou orotopónimos por referencia á morfoloxía da terra e ao seu relevo: *Chao*, *Chaira*, *Costa*, *Coto*, *Covas*, *Covelo*, *Enfesta*, *Lomba*, *Montouto*, *Outeiro*, *Val*, etc.; ou constitución do terreo: *Areosa*, *Asperelo*, *Laxedo*, *Pedroso*, *Pena*, *Seixo*, etc.
- Hidrotopónimos por referencia ás augas: *Agolada* (<ACUA LATA “levada”), *Augas Mestas*, *Balsa*, *Caldas*, *Fervenza*, *Fontaiña*, *Fontecada* (<FONTE CANALATA), *Fontao*, *Freixa*, *Lagoa*, *Lama*, *Pego* ou *Peago* (<PELAGU), *Riocaldo*, *Riotorto*; etc.
- Fitotopónimos por referencia á flora cultivada e silvestre: *Abeledo*, *Aciveiro*, *Biduído*, *Caramiñal*, *Carballedo*, *Carregal*, *Erbedelo*, *Folgoso*, *Freixido*, *Maceda*, *Nabeiras*, *Oliveira*, *Orxal* (<(H)ORDEU “cebada”), *Padrenda*, *Painzal*, *Piornedo*, *Reboredo* (<REBUREDO “carballeira”), *Sabucedo*, *Salcido*, *Teixeira*, *Toxal*, *Trigás*, *Uceira*, *Xestoso*, etc.
- Zootopónimos por referencia á fauna brava e doméstica: *Abelleira*, *Aguiar*, *Armenteira* (<ARMENTU “gando vacún”), *Cabral*, *Cebreiro*, *Cervás*, *Corveiro*, *Curuxeiras*, *Gulpilleira* (<VULPECULA “raposa”), *Loboso*, *Lontreiras*, *Teixugueira*, etc.
- Antropotopónimos por derivar de nomes de posesores, a partir de antropónimos de orixe latino-cristiá ou xermánica; moitos proceden do xentivo, que sobreviviu como fórmula onomástica durante todo o primeiro milenio, cando na fala xa non quedaba rastro do sistema casual latino. En ocasión o xentivo acompaña un substantivo (*Agruchave*, *Soutoxuste Vilamartín* ou *Viloalle* serían o *agro*, o *souto* e a *vila* de individuos chamados *Flavius*, *Iustus*, *Martinus* e *Eulalius*), aínda que o común é a forma simplificada: *Beado*, *Caride*, *Chorento*, *Crecente*, *Estás*, *Follente*, *Lalín*, *Lampai*, *Lobelle*, *Madriñán*, *Marín*, *Méixome*, *Moeche*, *Osebe*, *Paderne*, *Palmaz*, *Pedre*, e *Verín* proceden do xentivo dos nomes *Beatus*, *Caritus*, *Florentius*, *Crescentius*, *Anastasisus*, *Fulgentius*, *Lallinus*, *Lampadius*, *Lupellus*, *Matrinianus*, *Marinus*, *Máxumus*, *Mosdestus*, *Eusebius*, *Paternus*, *Palmatius*, *Petrus* e *Verinus*.
- Haxiotopónimos procedentes do culto relixioso: *A Capela*, *Cela*, *Celanova*, *Igrexa*, *Eirexe*, *Irixoa*, *Grixoa*, *A Ermida*, *Mosteiro*, *Donas* (<DOMINAS “monxas”), *San Fiz* ou *San Fins*, *Santo Estevo*, *Santaballa*, *Santalla*, (<SANCTA EULALIA), *San Xes*, *Sanxenxo* (<SANCTU GENESIU), *Seivane*, *Seoane* (<SANCTU IOHANNE), etc.
- Outros:
 - a) Tipos de asentamento humano: *Burgo*, *Casal*, *Castro*, *Quintá*, *Vigo*, *Vila*, *Vilar*, etc.; xurisdicións: *Condado*, *Igrexario*, *Pobre*, *Reguengo*, etc.; enxeños e industrias: *Armada*, *Caneiro*, *Ferraría*, *Folón*, *Muíños*, *Mazo*, *Pesqueira*, etc.; e edificacións e construcións: *Anta*, *Bastida*, *Casanova*, *Castelo*, *Combarro*, *Cuspedriños* (<CURROS PETRINEOS), *Lousada*, *Mámoa*, *Torre*, *Paredes*, *Parderrubias* (<PARIETES RUBIAS), *Pazo*, *Sobrado*, *Tellado*, etc.
 - b) Topónimos varios: *Brea* e *Verea*, *Calzada*, *Camiño Real*, *Carreira*, *Congostra*, *Corredoira*, *Encrucillada*, *Facho*, *Faro*, *Parada*, *Pasaxe*, *Poldras*, *Ponte*, *Pontella*, *Porto*, *Portela*, *Pousa*, *Pousada*, *Vao*, *Venda*, etc.
 - c) Étnicos e xentilicios: *Astureses*, *Cambeses*, *Cumbraos* (de Coímbra), *Meiraos*, *Sarreaus* (de Sarria), *Toledaos* (<TOLETANOS), etc.
 - d) Actividades agrícolas: *Anovada*, *Barbeito*, *Cernada*, *Chantada*, *Derreigada*, *Eira* e *Aira*, *Noval*, *Queimada*, *Roza*, *Seara*, etc.
 - e) Posición relativa: *Altamira*, *Avesedo*, *Belvís*, *Boavista*, *Viso*, *Viladesuso* (<SURSO “arriba”), *As Travesas*, etc.
 - f) Podería completarse esta relación con outros grupos menores (topónimos anecdóticos, relativos á meteoroloxía, topónimos replicantes...) para abranguer case a totalidade da toponimia. Finalmente, un grupo significativo formarían os topónimos (sobre un 3%, os máis deles de orixe prerromana) que seguen a ser opacos canto á orixe ou ao significado e orixe.

1. ADAPTACIÓN DE TOPÓNIMOS NON GALEGOS:

Proposta de regras harmonizadoras:

1. Preferencia pola forma tradicional galega (viva, da literatura medieval ou do rexurdimento): *A Veiga* (cast. Vegadeo), *Vilafranca do Bierzo*, *Castela*, *Alemaña*; *Bos Aires*, *Douro*...
2. Tradución dos accidentes xeográficos físicos cando acompañen ó nome propio ou formen parte del: *Serra Morena*, *Chaira Véneta* (it. Pianura Véneta), *Arquipélago dos Azores* (port. Arqui.dos Açores)..
3. Acentuación á galega sempre que cumpra en todo tipo de topónimos: *París*, *Romanía*, *Éibar*...
4. Pronunciación á galega de topónimos non adaptados en ningún idioma e adaptación fonética mínima no caso de topónimos importantes ou moi usados: *Washington* [uóxinton], *Hong Kong* [(h)onkon], *Sahara* [sá(h)ara], *Xaén*, *Badaxoz*, *Xixón*, *Río de Xaneiro*... pero *Quebec*, *Nova York*, *Reiquiavik*...
5. Adaptación exclusivamente gráfica á ortografía galega sen outro tipo de modificacións: *Boloña*, *Helsinki*, *Istambul*, *Biscaia*, *País Basco*, *Euscadi*, *Ancara*, *Paraguai*, *Sardegna*, *Iemen*, *Filadelfia*...
6. Adaptación fonético-morfolóxica naqueles casos que cumpra facelas:
 - 6.1. *-landia*: *Suacilandia* (ingl. Swaziland), *Nova Celandia* (ingl. New Zeland)...
 - 6.2. *-ia*: *Francia* (fr. France), *Tunicia* (ár. Tunisia)...
 - 6.3. *-ña*: *Alemaña*, *Cataluña* (cat. Catalunya), *Sardegna* (it. Sardegna)...
 - 6.4. *-burgo*: *Xohanesburgo* (ing. Johannerburg), *Hamburgo* (al. Hamburg), *Gotemburgo* (suec. Göteborg)...
 - 6.5. *-grado*: *Volgograd* (ruso Volgograd)...
 - 6.6. *-istán*: *Uzbequistán* (ruso Uzbekskaja), *Turkmenistán* (ruso Turkmenskaja), *Tadxiquistán* (ruso Tadziskaja), *Kazakhistán* (ruso Kazachskaja), *Quiguicistán* (ruso Kirgizskaja)...
 - 6.7. Equivalencias desde o latín: *-e* (<-IS), *-o* (<-UM); *Támese* (<Thamesis), *Tigre* (<Tigris), *Reno* (<Rhenum)...
 - 6.8. Recomposición de plurais: *Bordeos* (<fr. Bordeaux)...
 - 6.9. Outras recomposicións analóxicas: cat. *-o* = *-ón*; *Castellón* (cat. Castelló)...
7. Adaptación partindo desde o topónimo orixinal, sempre que non violente excesivamente o uso normal consagrado: *O Porto* (port. Porto), *Xirona* (cat. Girona), *Losana* (fr. Lausanne), *Bruxes* (fr. Brugges), *Boloña* (it. Bologna)...
8. Adopción do topónimo local vasco, catalán... sempre que for posible e non atente contra a idiosincrasia lingüística do galego: *Xixón* (ast. Xixón), *Lleida* (cat. Lleida), *Elxe* (cat. Elx), *Biscaia* (éusc. Biscaia), *Donostia*...
9. Tradución ao galego de voces tipo “novo, nova, porto, cidade...”, sempre que non violenten o uso común: *Cidade do Vaticano* (it. Città del Vaticano), *Nova Deli* (ingl. New Delhi), *Porto Príncipe* (fra. Port-au-Prince)...
10. Galeguizar o nome do topónimo cando na lingua orixinal designe a un santo: *San Tomé* (port. São Tomé), *San Mariño* (it. San Marino)...
11. Harmonización cos demais idiomas, en especial co portugués, castelán, catalán, italiano, francés e inglés: *Bangladesh*, *Sri Lanka* (iguais en todos os idiomas), *Bruxelas* (fr., it. Bruxelles; cast. Bruselas; ingl. Brussels; cat. Brussel.les; hol. Brussel; al. Brüssel)...
12. Simplificación da grafía do topónimo local aténdose ás peculiaridades do galego e tendo en conta as anteriores regras:
 - 12.1. Mudanza de *k* por *qu*, diante de *e*, *i*: *Paquistán* (ár. Pakistán), *Quenia* (inl. Kenya)...
 - 12.2. Mudanza de *k* por *c*, diante de *a*, *o*, *u*: *Ancara* (turco Ankara), *Curdistán* (curdo Kurdistán)...
 - 12.3. Mudanza de *z* por *c*, diante de *e*, *i*: *Nova Celandia* (ingl. New Zeland), *Suacilandia* (ingl. Swaziland)...
 - 12.4. Simplificación de consoantes e de vocais:
 - 12.4.1. Substitución de *sh* inglés ou *ch* francés en topónimos chineses e árabes por *x*: *Xangai* (chin. Shanghai / Changhai), *Xat-al-Arab* (ár. Chatt-alArab / Shat al Arab), *Mogadixo* (ár. Muqdiisho)...
 - 12.4.2. Simplificación de grupos foneticamente semellantes a [dz] como J, DJ (e mesmo N'DJ) pola nosa palatal X: *Jakarta* > *Xacarta*, *Djibuti* > *Xibuti*, *N'Djamena* > *Xamena*, *Kilimanjaro* > *Kilimanxaro*...
 - 12.4.3. Simplificación dos grupos con consoante seguido de *h* en consoante: BH > B (Bhután > *Bután*). DH > D (Abu Dhabi > *Abu Dabi*). GH > G (Ghana > *Gana*). LH > L agás os portugueses (Lhasa > *Lasa*). TH > T (Thailandia > *Tailandia*). ZH > Z (Zhengzhou > *Zengzou*). NH > N (Caminha > *Camiña*). PH > F (Philadelphia > *Filadelfia*).
 - 12.4.4. Simplificación de consoantes dobres: CC > C (Dacca > *Daca*). MM > M (Amman > *Amán*). NN > N (Lausanne > *Losana*). SS > S (Bissau > *Bisau*). W > U (Swazilandia > *Suacilandia*).
 - 12.4.5. Substitución de *y* tamén *iy*) e ás veces *J* (ou *ij*) por *i*: (ár. Ar Riyad > *O Riad*; ár. Yemen > *Iemen*; búlg. Sofija > *Sofía*; serb. Jugoslavija > *Iugoslavia*...
 - 12.4.6. Equivalencias fonéticas dunha lingua a outra: francés ou = *u* (Ouagadougou > *Uagadugu*); francés *au* = *o* (Lausanne > *Losana*)...
 - 12.4.7. Simplificación de vocais: Ulaanbaatar > *Ulambatar*...
13. Obrigatoriedade do artigo galego, en caso de que se adapte, sempre que sexa usual no topónimo local: *O Cairo* (ár. Al-Qahira), *O Aiún* (ár. Al-Aayun), *O Salvador* (cast. El Salvador), *As Palmas* (cast. Las Palmas), *O Hospitalet* (cat. L'Hospitalet)...
14. A simplificación K > Q / C en xeral non debe ser aplicada a topónimos xaponeses e rusos (Nagasaki, Taxkent...); así mesmo débese grafar tamén con KH (ou con H) o ruso CH igual ca en francés, inglés, portugués e catalán que presenta o son que o castelán transcribe con J e o alemán con CH: illa de *Sakhalín*, *Kazakhistán*, lago *Balkhax*...